

**II SEMINARIO DE VERANO
DERECHO ADMINISTRATIVO Y ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
“Nuevas tendencias del Derecho Administrativo”.**

**Lugar : Pazo de Mariñán, A Coruña
Fecha: 26 y 27 de julio de 2018**

PROGRAMA:

Jueves 26 de julio:

9.30-10. 15 Conferencia inaugural:

José Luis Meilán Gil “El Derecho Administrativo Revisado”
Universidad de A Coruña

10.15- 11.30: I Mesa Redonda

“Derecho Administrativo Global.”

Coordinador: Jaime Rodríguez-Arana Muñoz
Universidad de A Coruña

11.30-12 00: Coffe-break.

12.00- 13.30: II Mesa Redonda

“Líneas de investigación de vanguardia”

Coordinador: Ángel Sánchez Blanco
Universidad de Málaga

14.00: Almuerzo en el Pazo

16.30- 18.00. III Mesa Redonda.

Derecho de la Contratación Pública: “Estado actual y Nuevos retos”

Coordinador: Carlos Aymerich Cano
Universidad de A Coruña

18.00--18.30: Descanso

18.30-20.00: IV Mesa Redonda

“Urbanismo y Derecho a la ciudad”

Coordinador: Almudena Fdez. Carballal
Universidad de A Coruña

19.00-20.00: V Mesa Redonda

“La dimensión jurídica de la lucha anticorrupción”

Coordinador: Mario Aroso de Almeida

21.00. Cena en el Pazo

Viernes 27 de julio

10.00 – 11.30. VII Mesa Redonda

“Docencia y Metodología en la enseñanza del Derecho Administrativo”

Coordinadora: Leopoldo Tolivar Alas
Universidad de Oviedo

11.30-12.00. Coffe-break

12.00-13.00. Conferencia de Clausura

Prof Enrique Rivero Isern
(Universidad Salamanca)

14.00. Almuerzo de despedida en el Pazo



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVICIO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 52/2018

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA COLABORAR NA CELEBRACIÓN DO “II SEMINARIO DE VERÁN DE DEREITO ADMINISTRATIVO E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. “NOVAS TENDENCIAS DO DEREITO ADMINISTRATIVO”

Na Coruña, 24 de xullo de dous mil dezaoitto:

REUNIDOS

D. Xesús Manuel Soto Vivero, Deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento da Excma. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área, e

Don Julio E. Abalde Alonso, Reitor da Universidade da Coruña (en diante UDC), actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de universidades, e o artigo 36.1.f) do Decreto 101/2004 do 13 de maio modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que a Universidade da Coruña e unha entidade que leva a cabo actividades de docencia e desenvolvemento xurídico, e ten como un dos seus fins, a formación de profesionais e especialistas en materias que afectan ó dereito administrativo comparado.

SEGUNDO.- Que a Deputación da Coruña, é unha entidade de dereito local, que ten, entre outros fins, o fomento dos intereses da provincia, e os temas vencellados co eido local e a formación nos mesmos.

TERCEIRO.- Que a Universidade de A Coruña e a Deputación Provincial consideran que o estudo e a aproximación comparatista do Dereito Administrativo ante as novas liñas de reforma e a proxección que o Dereito Global ten sobre distintos sectores desta disciplina, así como a formación dos alumnos matriculados nos estudos de Doutoramento en Dereito Administrativo Iberoamericano da UDC, é unha actividade de formación esencial para coñecer as novas tendencias do Dereito Administrativo e comprender a orixe das mesmas. Por iso, estimase conveniente a actuación conxunta para levar a cabo este curso.

Que ambas partes se recoñecen mutua capacidade para a subscripción do presente convenio conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é regular as bases da colaboración entre a Universidade da Coruña (en diante UDC) e a Deputación de A Coruña, para o desenvolvemento do **II Seminario de Verán de Dereito Administrativo e Administración Pública “Novas tendencias do Dereito Administrativo”, dirixidas a Profesores procedentes de Universidades españolas e europeas que se sinalan no programa anexo e a alumnos matriculados no Programa de Doutoramento en Dereito Administrativo Iberoamericano da UDC.**

O devandito curso organizase polo Catedrático da UDC, D. Jaime Rodríguez Arana-Muñoz.

SEGUNDA.- A UDC, en aplicación deste convenio comprométese ademais da organización e dirección das xornadas a:

* Proporcionar o profesorado do Curso

* Suministrar os materiais didácticos do Curso.

* Expedir os títulos correspondentes.

* Entregarlle á Deputación da Coruña unha copia do material didáctico empregado.

* Facer constar a cooperación da Deputación da Coruña, en toda a información que se difunda sobre o Curso, tanto nos medios de comunicación como no material informativo e pedagógico que se puidera distribuir.

* O presente convenio non devengará abrigas económicas para a UDC, polo que non se fará precisa a consignación dunha partida orzamentaria

TERCEIRA.- A Deputación da Coruña como entidade patrocinadora do curso comprométase a facilitar aos 40 asistentes os seguintes servizos:

- A 32 o día 25 e 34 asistentes O 26 (segundo táboa): aloxamento nas instalacións do Pazo de Mariñán, así como a dispoñibilidade das instalacións para a impartición das xornadas, mentres dure o devandito curso dende o 26 de xullo pola tarde ata o 27 de xullo ao mediodía ambos inclusive, conforme ao establecido na ordenanza n° 14 Reguladora do Prezo público do Pazo de Mariñán, publicada no BOP n° 236, de 14 de decembro de 2011.
- Aos 50 asistentes ao Seminario: manutención nas instalacións do Pazo de Mariñán, así como a dispoñibilidade das instalacións para a impartición das xornadas, mentres dure o devandito curso dende o 26 de xuño ao mediodía ata o 27 de xullo ao mediodía ambos inclusive, conforme ao establecido na ordenanza n° 14 Reguladora do Prezo público do Pazo de Mariñán, publicada no BOP n° 236, de 14 de decembro de 2011.

CUARTA.- A achega da Deputación, como entidade patrocinadora, consistirá na cesión gratuíta de varias aulas no Pazo de Mariñán como sede para o desenvolvemento da actividade, así como o aloxamento e manutención dos alumnos que veñan participar nas xornadas (tendo en conta así mesmo o día de entrada e o de partida). A previsión do gasto ascende a cantidade de **7.156,7 €** -cálculo efectuado de conformidade coa ordenanza N° 14 Reguladora do Prezo Público do Pazo de Mariñán publicada no BOP n° 236, de 14 de decembro de 2011, de acordo co seguinte desglose:

II SEMINARIO DE VERANO DE DERECHO ADMINISTRATIVO Y ADMINISTRACIÓN PÚBLICA: "NUEVAS TENDENCIAS DEL DERECHO ADMINISTRATIVO"					
MIÉRCOLES	25/07/2018	_____	_____	_____	DORMIR :32 aloxados
JUEVES	26/07/2018	ALMORZO: 32 aloxados	COMIDA: 50 comensais	CENA 34 comensais	DORMIR: 34 aloxados
VIERNES	27/07/2018	ALMORZO: 34 aloxados	COMIDA: 50 comensais	_____	_____

QUINTA.- Para o seguimento de control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión integrada por un representante de cada unha das institucións asinantes.

SEXTA.- O profesorado que interveña nos traballos obxecto do presente convenio quedará sometido ao disposto nos artigos 156 e seguintes dos Estatutos da Universidade da Coruña, e a o disposto no Regulamento aprobado pola Xunta de Goberno o 14 de xuño de 1992.

SÉTIMA.- O incumprimento das obrigas derivadas do presente convenio dará lugar a súa resolución. A vixencia do presente convenio será dende o día da súa sinatura ate o 27 de xullo de 2018, data na que rematará o curso, sen prexuízo de prorrogar o dito período en virtude de causa debidamente xustificada.

OITAVA.- A resolución dos conflitos que puideran xurdir con motivo do presente convenio corresponderán á xurisdición contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que puidesen xurdir na súa interpretación estarase ao disposto na Lei 9/2007 de 8 de novembro de contratos do sector público.

NOVENA.- Son cláusulas de resolución do presente convenio:

* O seu incumprimento total ou parcial.

*O transcurso do tempo estipulado sen que se cumpran os obxectivos previstos, agás causa debidamente xustificada.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia núm 15708 de data 07 de maio de 2018.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación Provincial da Coruña
O presidente PD
O Deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento


Asdo. Xesús Manuel Soto Vivero

Pola Universidade da Coruña
O Reitor da UDC


Asdo.: Julio E. Abalde Alonso